



A FOLLA DA CGT

Núm. 46 - 11 decembro 2020

A desmobilización permanente

O xoves da semana pasada, nunha reunión entre a comisión para organizar as mobilizacións (Fene e Ferrol) e os delegados da IA (tamén de Fene e Ferrol), decidiuse por **una-**

nimidade dos delegados propoñer un paro de 24 horas nas dúas factorías como medida de presión en demanda de carga de traballo, paro que sería previo á folga comarcal de 4 horas convocada para o vindeiro xoves 17. A permanente do comité da principal de Ferrol debateu esta proposta antonte, case unha semana despois!

En dita permanente, dous representantes dos delegados da IA defenderon a proposta. A maioría sindical opúxose a ela co argumento de que é moi **prematura** e que xa haberá tempo de facela máis adiante. Probablemente cando o segundo AAOR estea entregado consideren axeitado "paralizar" a produción.

¿Como se pode dicir que esa mobilización é prematura cando deberíamos estar mobilizándonos desde moitos meses antes do inicio da pandemia, cando

xa hai máis de mil traballador@s despedidos, moitos incluso desde antes da pandemia (e que, por tanto, xa levan consumida boa parte da prestación por desemprego), cando a perspectiva a día de hoxe é que non haxa unha chapa que soldar antes do verán de 2022?

A defensa de cada posto de traballo ten que ser unha prioridade absoluta, e está claro que para a maioría do comité da principal **non** o é. Como xa demostraron na folga indefinida da IA de outubro de 2017, ou na folga da UTE de mantemento en 2019, son un **obstáculo** para a defensa dos intereses dos traballadores subcontratados. Se pola maioría sindical de Navantia fose, esas dúas folgas nunca terían ocorrido.

Os traballador@s da IA deben romper a desmobilización permanente e **impulsar** as mobilizacións que consideren necesarias, facendo un chamamento directo ós traballadores da principal a sumarse ás mesmas, sen aceptar o que na práctica é o **dereito a veto** que se arroga a maioría sindical do comité da principal.

Moito fillo de puta

Estes días foron noticia os militares na reserva que, ademais de descualificar ó goberno con tódolos insultos habituais na dereita política e mediática, chamaban abertamente a un golpe de Estado e a **fusilar** a 26 millóns de fillos de puta, ou sexa, máis da metade da poboación do Estado español. Non clarexaron se incluían os traballadores inmigrantes, ou se estes serían a maiores.

Sendo isto moi grave, aínda é máis grave como se lle saca importancia: "cousas de vellos chochos". Eses "vellos chochos" estiveron en activo, nalgúns casos, até datas moi recentes dirixindo unidades militares importantes, nas que é bastante obvio que estiveron sementando arreo a súa ideoloxía **fascista**.

Neste país se ten encarcerado a cantantes de rap ou a titiriteiros por considerar que facían "apoloxía do terrorismo". Pero chamar a dar un golpe de Estado fascista e dicir que hai que fusilar a millóns de persoas parece ser que non ten importancia. Pois **si a ten**. Os traballador@s debemos estar **vixiantes**.

Todo isto pon de manifesto que a Transición deixou intacto o aparato do Estado franquista. Faise necesaria a **depuración** que se debeu facer hai 40 anos.



Recorta pola liña de puntos e faite o teu carné

(Fonte: El Jueves)